

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos. Sección de Planificación de Recursos Humanos

Convocatoria de proceso selectivo para elaborar listas para postos de técnico financeiro tributario

ANUNCIO

Resolución 11102/2018 do 02/04/2018 pola que convoca un proceso selectivo para elaborar unha lista de persoal funcionario interino e/ou laboral temporal para postos de técnico financeiro tributario

Por resolución de presidencia número 11102/2018 do 02/04/2018, que se transcribe a continuación, resolveuse convocar un proceso selectivo para elaborar unha lista de persoal temporal para postos de técnico financeiro tributario:

Visto o expediente relativo á convocatoria do procedemento para elaborar unha lista de aspirantes para a selección de persoal funcionario interino e/ou persoal laboral temporal para o postos de técnico financeiro tributario (subgrupo A1, de administración especial), no que se acreditan os seguintes

I.- ANTECEDENTES

I.1.- Non dispoñendo de lista de aspirantes para a selección de persoal funcionario interino e/ou laboral, para postos de técnico financeiro tributario (A1), de administración especial, é preciso convocar un proceso selectivo do que resulte unha lista para a cobertura interina de posibles vacantes e substitucións.

I.2.- O procedemento vixente nesta Deputación para a selección de persoal temporal está contido no Regulamento aprobado ao efecto, que establece o procedemento de elaboración das listas de aspirantes correspondentes, de conformidade coas bases que rexerán a convocatoria pública de cada proceso selectivo.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

O Regulamento da selección de persoal funcionario interino e laboral temporal desta Deputación (BOP núm. 151, do 2 de xullo de 2008), en canto se refire ao procedemento para a selección mediante o sistema de listas.

De conformidade coa normativa citada e demais concordante e de aplicación,

RESOLVO:

Convocar o procedemento de elaboración dunha lista de aspirantes para a selección de persoal funcionario interino e/ou laboral temporal para postos de técnico financeiro tributario (A1), de administración especial, que se rexerá polas Bases aprobadas ao efecto pola Xunta de Goberno do 16 de marzo de 2018.

Bases para elaborar listas para a selección de persoal funcionario interino e/ou laboral temporal para posibles nomeamentos e/ou contratacións laborais temporais para postos de técnico financeiro tributario (A1) de administración especial.

Primeira.- As solicitudes para tomar parte no proceso deberán presentarse no modelo oficial que se facilitará por esta Deputación Provincial (Rexistro Xeral, Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos e na páxina web www.dacoruna.gal/recursos-humanos/impresos/, o prazo de 20 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación das presentes Bases no Boletín Provincial da Provincia, debidamente cubertas e acompañadas dos documentos que acrediten a titulación esixida e, no seu caso, os demais requisitos que se sinalen para cada posto dos que se trata (orixinais ou copias compulsadas), ademais dunha fotocopia simple do Documento Nacional de Identidade.

De acordo co disposto na Ordenanza do Uso da Lingua Galega na Deputación da Coruña, publicada no BOP 186 de 29 de setembro de 2017, os aspirantes que desexen o texto das probas en lingua castelán deberán facelo constar na casilla habilitada na instancia.

Segunda.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia da Corporación, no prazo máximo de quince días, declarará aprobadas as relacións de admitidos e excluídos, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, establecéndose un prazo de dez días a efectos de reclamacións. Logo de rematado o dito prazo, a Presidencia aprobará a relación

definitiva de admitidos e excluídos e determinará o lugar, a data e hora de comezo do primeiro exercicio das probas selectivas que en calquera caso non terá lugar antes de transcorridos cinco meses, así como a relación nominal dos membros que compoñerán o Tribunal Cualificador, todo o que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

Terceira.- Os tribunais constarán dun presidente, tres vogais funcionarios da Deputación e un secretario, que haberán de cumprir os requisitos sinalados no art.60, do Real decreto legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e demais normativa aplicable. Os tribunais poderán dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas selectivas correspondentes, limitándose os ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. Os tribunais Terán a categoría e o dereito de percibir as contías correspondentes, de conformidade co disposto no R.D. 462/2002 e lexislación complementaria.

Cuarta.- Unha vez comezadas as probas selectivas, os anuncios de celebración das sucesivas probas expoñeranse no taboleiro de anuncios do pazo da Deputación Provincial e na páxina web da Deputación, con doce horas de antelación, como mínimo con respecto ao seu comezo, si se trata do mesmo exercicio, ou de vinte e catro horas, si se trata dun novo.

Unha vez que conclúan os procesos selectivos, os tribunais formularán as súas propostas á Presidencia da Corporación, para aprobar as listas correspondentes.

Quinta.- En todo o non previsto nestas Bases, estarase ao disposto no Regulamento regulador da selección de persoal funcionario interino e laboral temporal desta Deputación (BOP núm.151, do 02/07/2008) e na normativa de acceso dos empregados públicos vixente. Así mesmo, estas Bases e convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Requisitos e forma de selección:

Requisitos: Licenciatura universitaria en dereito, económicas ou empresariais, intendente mercantil ou actuario, ou Grao oficial universitario equivalente a estas titulacións.

Proba selectiva:

1º Exercicio obrigatorio e eliminatorio: consistirá na contestación dun cuestionario de 50 preguntas con 3 respostas alternativas sobre as materias obxecto do temario que figura no seguinte Programa, nun tempo máximo total de tres horas. A puntuación será de 00,00 ata 10,00 puntos, sendo necesario para aprobar obter un mínimo de 05,00 puntos. Cada pregunta correcta obterá unha puntuación de 0,20 e cada pregunta incorrecta descontará 0,05 puntos.

2º Exercicio obrigatorio e eliminatorio: consistirá en resolver no tempo máximo de 4 horas, uno ou varios supostos prácticos relacionados coas funcións a desenvolver. A puntuación será de 00,00 ata 10,00 puntos, sendo necesario para aprobar obter un mínimo de 05,00 puntos. Para a realización dos supostos prácticos os aspirantes poden, en todo momento, facer uso dos textos legais e das coleccións de xurisprudencia dos que acudan provistos (en formato papel e sen que conteñan comentarios) así como de calculadora. A puntuación obtida polo aspirante será a media aritmética das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.

3º Exercicio.- consistirá na tradución dun texto que propoñerá o tribunal, do castelán ao galego, no tempo máximo total dunha hora. Estarán exentos de realizar este exercicio os aspirantes que acrediten posuír o curso de perfeccionamento ou o Celga 4, o que deberán acreditar presentando o diploma correspondente xunto coa instancia, segundo o disposto na Base Segunda. A cualificación será a de apto ou non apto.

Programa:

Tema 1. A Constitución Española de 1978: Estrutura. Especial referencia aos dereitos fundamentais e liberdades públicas. A organización territorial do Estado na Constitución: a distribución de competencias entre as administracións central, autonómica e local. Relacións de colaboración e cooperación. O réxime local español: clases de entidades locais.

Tema 2. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e contido. Especial referencia ao goberno da Comunidade Autónoma. O Consello de Contas. O Valedor do pobo.

Tema 3. Lei 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Principios de protección. Lei 3/1983, de normalización lingüística de Galicia. Uso oficial do galego. Decreto 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Integración transversal do principio de igualdade nas actuacións da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Tema 4. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Da actividade das administracións públicas: normas xerais de actuación; términos e prazos.

Tema 5. Lei 39/2015. Dos actos administrativos: requisitos dos actos administrativos, eficacia dos actos, nulidade e anulabilidade.

Tema 6. Lei 39/2015. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común: garantías do procedemento; iniciación do procedemento; ordenación do procedemento; instrución do procedemento; finalización do procedemento.

Tema 7. Lei 39/2015. Da revisión dos actos na vía administrativa: revisión de oficio; recursos administrativos.

Tema 8. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Disposicións xerais, principios de actuación e funcionamento do sector público: disposicións xerais; dos órganos das administracións públicas.

Tema 9. Lei 40/2015. Principios da potestade sancionadora. Da responsabilidade patrimonial das administracións públicas; funcionamento electrónico do sector público.

Tema 10. Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público: persoal ao servizo das administracións públicas; Dereitos e deberes. Código de conduta dos empregados públicos; Adquisición e perda da relación de servizo.

Tema 11. Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do sector público. Partes no contrato: órganos de contratación. Capacidade e solvencia do empresario. Obxecto, prezo e contía do contrato. Revisión de prezos nos contratos das administracións públicas. Garantías esixibles na contratación do sector público. Preparación dos contratos: expediente de contratación. Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas. Adjudicación dos contratos das administracións públicas: normas xerais. Publicidade. Licitación. Selección do adjudicatario.

Tema 12. Orzamentos xerais das corporacións locais: definición. Ámbito temporal. Contido do orzamento xeral. Anexos ao orzamento xeral. Estrutura dos estados de ingresos e gastos. Elaboración e aprobación.

Tema 13. Especialidade e limitación dos créditos. Temporalidade dos créditos. Modificacións de créditos: clases e tramitación.

Tema 14. Operacións non orzamentarias de tesourería. Outras estruturas contables. Proxectos de gasto. Pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa.

Tema 15. Execución e liquidación do orzamento. A conta xeral: contido e tramitación.

Tema 16. O control da xestión financeira en España: concepto, clases e competencias. A Intervención Xeral do Estado: organización e función. O control interno da administración local. O control financeiro. Control externo.

Tema 17. A Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria: Principios xerais. Normas tributarias. A relación xurídico-tributaria. As obrigacións tributarias. As obrigacións e deberes da Administración tributaria. Os dereitos e garantías dos obrigados tributarios. Obrigados tributarios.

Tema 18. Elementos de cuantificación da obrigación tributaria. A débeda tributaria.

Tema 19. A aplicación dos tributos: principios xerais. Normas comúns sobre actuacións e procedementos tributarios. Actuacións e procedementos de xestión tributaria.

Tema 20. Actuacións e procedemento de inspección.

Tema 21. Actuacións e procedemento de recadación. Procedemento de prema. Procedemento fronte a responsables e sucesores.

Tema 22. A potestade sancionadora en materia tributaria.

Tema 23. A revisión dos actos de carácter tributario en vía administrativa.

Tema 24. Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; ámbito de aplicación, recursos das entidades locais, normas xerais, imposición e ordenación dos tributos locais. Taxas. Prezos Públicos. Contribucións especiais.

Tema 25. O Imposto de Bens Inmóveis (IBI). O Catastro Inmobiliario.

Tema 26. O Imposto de Actividades Económicas (IAE)

Tema 27. O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM)

Tema 28. O Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU). O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO).

Tema 29. Infraccións e sancións de tráfico. Responsables. Procedemento sancionador en materia de tráfico.

Tema 30. A Ordenanza Fiscal Xeral da Deputación Provincial da Coruña. Ordenanzas Fiscais e de Prezos Públicos da Deputación Provincial da Coruña.

A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso potestativo de reposición perante o Presidente desta Deputación, no prazo dun mes a contar desde a recepción da notificación desta resolución, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, de acordo coa lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 3 de abril de 2018

O Presidente

PDFR 21179/2015 do 01/10/2015

O Deputado

Antonio Leira Piñeiro

O Secretario,

José Luis Almau Supervía

2018/2455